

CEIP XOÁN DE REQUEIXO

CURSO 2019/2020

**ADAPTACIÓN
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
4º EDUCACIÓN
PRIMARIA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Introducción
 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
 3. Avaliación e cualificación.
 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e ampliación).
 5. Información
-

1. INTRODUCCIÓN

A presente adaptación da programación didáctica segue as directrices establecidas pola instrución do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación actual que estamos a vivir coa presenza deste estado de alarma debido a emerxencia sanitaria, vémonos na obriga de adaptar a programación proposta ao comezo deste curso 2019/2020, coa vontade de dar resposta e atender ás necesidades do noso alumnado. Ao longo da mesma concretáronse os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para este trimestre, o procedemento e instrumentos de avaliación para a posterior cualificación, a metodoloxía e actividades que se van a desenvolver e cales, son as canles de información que dende a titoría de 4º se están a levar a cabo co alumnado e familias.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS

a. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os seguintes estándares de aprendizaxe van ser os referentes para coñecer que saben e poden facer o alumnado neste último trimestre. Para darlle maior claridade establecémoslos por materias:

-Ciencias Sociais/Ciencias Naturais

- Le, comprende e copia o tema adaptado que se lle envía.
- Realiza debuxos para comprender mellor certos contidos.
- Participa en xogos para o repaso e reforzo de contidos traballados.
- Responde a preguntas.
- Mostra interese por seguir aprendendo.

-Lingua Castelá/Lingua Galega

- Lee e comprende texto adaptados a súa idade ou nivel de comprensión.
- Da resposta a preguntas de textos adaptados a súa idade ou nivel de comprensión.
- Desenvolve unha expresión escrita acorde ao explicado ou traballado: construcións de frases, descricións, escribir cartas, elaboración de receitas, rematar unha historia, facer redaccións,...
- Aumenta o vocabulario e pono en práctica nas expresións escritas solicitadas.
- Aplica a ortografía traballada.
- Presenta traballos con limpeza e orde, cando se lle solicitan.
- Mostra interese e participa nas linguas con aptitude positiva.

-Matemáticas

- Desenvolve os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre: cálculo(sumas, restas con levadas, multiplicación ata por 2 cifras, división ata 2 cifras), numeración, escritura de números(ata a unidade do millón), descomposición e resolución de problemas (cunha ou dúas operacións), o reloxo dixital e analóxico, o diñeiro, os números decimais,...
- Desenvolve contidos traballados nas actividades de reforzo que se lle envían.
- Participa nas actividades de ampliación de contidos.
- Esfórzase por mellorar e reforzar en contidos traballados no primeiro e segundo trimestre que non se lle daban moi ben.
- Mostra interese pola materia.

b. COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

No **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria, **defínese Competencias Clave como** “As capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolucións eficaz de problemas complexos”. Polo que a adquisición dunha competencia está indisolublemente asociada á adquisición dunha serie de saberes(coñecementos, habilidades, valores, actitudes, emocións), recollidos no cadro que máis abaixo se expón, e que enmarcarán o noso traballo diario ao longo deste 3º trimestre.

Antes destacar, que dado que a **competencia en comunicación lingüística** e a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** constitúen a base e o eslabón para futuros aprendizaxes, consideramos que ademais de priorizar ditas competencias, as demais competencias clave tamén serán imprescindibles ante a actual situación, que a sociedade está a vivir.

COMPETENCIA CLAVE	EXEMPLO DE CONTIDOS
Comunicativa Lingüística	Fomento da lectura, expresión escrita, adquisición de vocabulario,...
Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía	Razoamento, operacións básicas, resolución de problemas,...
Dixital	Uso do ordenador, teléfono, programas informáticos,..
Aprender a Aprender	Aprendizaxes básicos, hábitos de traballo, aprendizaxe autónomo,...
Social e Cívica	Convivir respectando as normas, empatía, comprensión,...
Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor	Planificación das tarefas diarias, organización das tarefas, traballo individual, toma de decisións,...
Expresións Culturais	Debuxos, expresións de ideas, emocións, experiencias,...

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a. TERCEIRA AVALIACIÓN

O Claustro do CEIP Xoán de Requeixo, en reunión mantida o 15/05/2020 por medio de videoconferencia, decidiu por unanimidade calificar ao alumnado de educación primaria con 1 punto extra polo traballo non presencial desenvolvido no terceiro trimestre. En ningún caso puntuará negativamente que o alumnado non realice as tarefas.

Para acadar este punto avaliarase do seguinte xeito:

- ✓ Realización e entrega das tarefas solicitadas: 0,75 puntos
- ✓ Motivación e interese polo traballo enviado pola titora: 0,25 puntos

b. AVALIACIÓN ORDINARIA

A nota final será a media da primeira e segunda avaliación, podendo obter a maiores polo traballo realizado na terceira avaliación 1 punto máis.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso e ampliación).

Actividades	Serán de recuperación, repaso, reforzo e ampliación.
Metodoloxía	<p>A metodoloxía, como eixo fundamental da acción educativa terá en conta os principios metodolóxicos recollidos no decreto que regula o currículo para esta etapa, como son: enfatizar na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo.</p> <p>Por outra banda, as estratexias , procedementos e accións que se levarán a cabo son: elaboración de material(reforzo ou ampliación adaptado), que o alumnado poda resolver e aprender de forma autónoma, pois somos conscientes da importancia que ten neste momento a elaboración de material que non requira excesiva intervención educativa do profesorado así como tampouco</p>

	sobrecarga para as familias.
Materiais e recursos	<p>-<u>Recursos persoais</u>: titora e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. Contacto co profesorado especialista: inglés, música, EF, mestra especialista en Audición e Linguaxe.</p> <p>-<u>Recursos materiais</u>: libros de texto, de elaboración propia e fotocopiado, aplicacións online,...</p> <p>-<u>Recursos organizativos</u>: cada familia organízase en función as súas posibilidades. Entrega de material de traballo semanal. Dende esta titoría non se establece unha pauta concreta de entrega de todo o material para traballar na casa, solo se lle solicitará en determinadas ocasións.</p>

5. INFORMACIÓN

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Dende o primeiro momento que se decretou o estado de alarma, creouse un grupo de Whatsapp e traballouse coa aplicación ClassDojo coa finalidade de achegar o traballo ao alumnado, facilitar a comunicación e apoio coas familias e permitir unha maior igualdade para todos e todas. Ademais deste grupo de Whatsapp e aplicación, tamén fanse uso doutros medios dixitais para o intercambio de traballo co alumnado ou información coas familias: correo electrónico, teléfono persoal para unha atención mais individualizada e librería do pobo para recollida de material.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, de toda aquela información que se lle solicite a titora, ven sexa dende o Equipo Directivo ou especialistas.

Chantada, 7/05/2020